

ACTUALIDADE LABORAL

Coodinador: Jaime Cabeza Pereiro

- Jaime Cabeza Pereiro.
Socios cooperativistas a tempo parcial.
- Jaime Cabeza Pereiro.
Eleccións a representantes unitarios dos traballadores no eido das cooperativas de traballo asociado.

SOCIOS COOPERATIVISTAS A TEMPO PARCIAL

Jaime CABEZA PEREIRO

A entrada en vigor do RD 1278/2000, do 30 de xuño –“polo que se adaptan determinadas disposicións de Seguridade Social para a súa aplicación ás sociedades cooperativas” deu fin a unha polémica na doutrina xudicial bastante coñecida, como era a posibilidade de que os socios cooperativistas das cooperativas de traballo asociado estivesen de alta a tempo parcial, nos casos en que, segundo a posibilidade alternativa establecida na disp. adic. cuarta da Lei Xeral de Seguridade Social (cito o texto refundido do 20 de xuño de 1994), se asimilasen a traballadores por conta allea e, consecuentemente, optaran en estatutos polo réxime correspondente, que podía ser o Réxime Xeral ou ben o réxime especial aplicable –vg., o do mar, ou o agrario, censo por conta allea-.

Maila opinión, ó meu xuízo infundada, mantida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e por parte da dita doutrina xudicial, o RD 1278/2000 non tivo efectos constitutivos nesta concreta cuestión. En realidade, a disp. adic. sexta da Lei 29/1999, do 16 de xullo, tiña o seu antecedente literalmente idéntico na vella Lei estatal de cooperativas 3/1987 e xa fora desenvolvida polo RD 225/1989, do 3 de marzo “sobre condicións de incorporación ó sistema de Seguridade Social dos socios traballadores das cooperativas de traballo asociado” (BOE do 8 de marzo). De feito, o seu art. 2 establecía a aplicación ós socios cooperativistas “na súa integridade” do réxime correspondente da Seguridade Social, por conta propia ou allea, segundo opción estatutaria, “nos mesmos termos e condicións que rixan para o común dos colectivos”.

A consecuencia resulta obvia: non cumplía establecer expresamente a posibilidade de cotizar a tempo parcial no réxime xeral e nos réximes por conta

allea, xa que esa posibilidade existía, dese logo, a partir da entrada en vigor da referida norma regulamentaria do ano 1989. Ben está, para clarexar dúbihdas, que o RD 1278/2000 regulase expresamente esta cuestión, sempre e cando non se utilice a regulación como argumento para excluí-la posibilidade de altas a tempo parcial antes da súa entrada en vigor.

A disp. adic. única do reiterado RD 1278/2000 remite ós efectos prestacionais, ó RD 15/1998 –é de supor que á disp. adic. séptima da Lei Xeral de Seguridade Social, na súa versión derivada da dita norma de urxencia- e ó RD 144/1999, do 29 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior. O art. 2 modifica o art. 65 do Regulamento de cotización (RD 2064/1995, do 22 de decembro) para considerar, xa que logo, a cotización a tempo parcial dos socios das cooperativas de traballo asociado. E no art. 1, tres engádese unha alínea 4 ó art. 41 do Regulamento Xeral sobre inscrpción de empresas e afiliacións, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social (RD 84/1996, do 26 de xaneiro). A esta derradeira reforma vai facer referencia a reflexión que segue.

Segundo a alínea 4 do art. 41 do RD 84/1996, “nas cooperativas nas que existan socios de traballo ou socios traballadores asimilados a traballadores por conta allea que realicen a súa actividade a tempo parcial, deberá aportarse copia dos estatutos, do regulamento de réxime interno ou certificación do acordo da Asemblea ou do Consello Rector, no que deberá figurar o número de horas ó día, á semana, ó mes ou ó ano, a súa distribución horaria e a súa concreción mensual, semanal e diaria, con determinación dos días nos que os socios traballadores ou de traballo deberán prestar servicios”. E engádese –neste aspecto vaise centrar o problema- “considerarase que os mesmos realizan a súa actividade a tempo parcial cando as horas de traballo ó día, á semana, ó mes ou ó ano, sexan inferiores ó 77 por 100 da xornada a tempo completo fixada no convenio colectivo aplicable no sector de actividade e ámbito xeográfico da cooperativa ou, no seu defecto, da xornada laboral ordinaria máxima legal”.

Semellante consideración resultaba apropiada no momento da aprobación do RD 1278/2000, xa que se compaxinaba coa definición que de traballador a tempo parcial aportaba o art. 12.1 do Estatuto dos Traballadores, en redacción procedente do antedito RD-ley 15/1998, do 27 de novembro. Sucedeu, sen embargo, que a reforma laboral do ano 2001 –RD-ley 5/2001, do 2 de marzo e Lei 12/2001, do 9 de xullo- modificou de novo o concepto de contrato de traballo a tempo parcial. Reprodúcese o actual teor literal do art. 12.1, ós efectos que nesta nota interesan: “o contrato de traballo entenderase celebrado a tempo parcial cando se acordara a prestación de servicios durante un número de horas ó día, á semana, ó mes ou ó ano, inferior á xornada de traballo dun traballador a tempo completo comparable”. “A efectos –prosegue- do disposto na alínea anterior, entenderase por *traballador a tempo completo comparable* a un traballador a tempo completo da mesma empresa

e centro de traballo, co mesmo tipo de contrato e que realice un traballo idéntico ou similar. Se na empresa non houbese ningún traballador comparable a tempo completo, considerarase a xornada a tempo completo prevista no convenio colectivo ou, no seu defecto, a xornada máxima legal”.

As consecuencias desta reforma son evidentes: un traballador que traballe nunha porcentaxe de xornada inferior á dun traballador a tempo completo comparable é a tempo parcial, por máis que a reducción porcentual sexa mímina. Á marxe do concepto de “traballador a tempo completo comparable”, do que simplemente cómpre agora destacar que entronca coa Directiva 97/81/CE, relativa ó Acordo Marco sobre o traballo a tempo parcial, o certo é que flexibiliza a distinción entre tempo completo e parcial. Pero debe destacarse que permite unha cotización a tempo parcial por traballadores que ata marzo do 2001 merecerían a consideración de traballadores a templo completo, co simple requisito de que o contrato se formalice logo da entrada en vigor do RD-ley 5/2001, do 2 de marzo. E, xa que logo, estes traballadores serán dados de alta a tempo parcial.

Sen embargo, para os socios das cooperativas de traballo asociado que teñan estatutos con opción por réximes por conta allea, a normativa vixente segue a ser o art. 41.4 do RD 84/1996. É dicir, cotizarán a tempo completo os que teñan unha xornada de alomenos o 77 por 100 da máxima de convenio ou, no seu defecto, da máxima legal.

A consecuencia resulta fondamente insatisfactoria e inxusta: os custes en cotización serán máis altos no caso dos socios ca no caso dos traballadores por conta allea. E simplemente polo pouco coidado do lexislador e do Goberno, que non perseguiron, con toda probabilidade, esta consecuencia, pero que esqueceron modifica-lo Regulamento de actos de encadramento, na súa versión procedente do RD 1278/2000. O que ten unha importancia máis que salientable, nun eido –o das cooperativas de traballo asociado- no que a cotización a tempo parcial é unha necesidade particularmente parentoria.

E dirase que, mailo art. 41.4 do Regulamento de inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, unha interpretación de conxunto do ordenamento xurídico permite alenta-la posibilidade de alta a tempo parcial de socios traballadores con xornadas superiores ou iguais ó 77 por 100 da máxima de convenio. Moito dubido que esa interpretación de conxunto sexa defendida pola doutrina xudicial e aínda menos polo servicio común da Seguridade Social. Cómpre, e con urxencia, modifica-lo referido art. 41.4.

A nosa historia normativa máis recente no ámbito das cooperativas de traballo asociado xa contén un feixe de episodios normativos desta caste, só algúns deles satisfactoriamente resoltos –refírome ó desemprego por suspensión derivada de causas económicas e tecnolóxicas, logo do RD 42/1996, do 19 de xaneiro-. Outros –vg., desemprego por baixa disciplinaria xustificada ou por baixa

derivada de causas económica ou tecnolóxicas por debaixo dos umbras do art. 51.1 do Estatuto dos Traballadores- enchen os repertorios de doutrina xudicial que, cando se falla de acordo cos intereses dos socios das cooperativas de traballo asociado, poden ser cualificados de “constructivos en exceso”.

Xa que logo, debe resolverse normativamente este problema: o ámbito da alta a tempo parcial debe coincidir no emprego por conta allea e nas empresas de economía social con opción por réximes por conta allea.

ELECCIÓN S A REPRESENTANTES UNITARIOS DOS TRABALLADORES NO EIDO DAS COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO

Jaime CABEZA PEREIRO

Convén reseñar nunhas liñas un laudo arbitral que me correspondeu dictar no procedemento de eleccións sindicais. En concreto, o número 19/02 da provincia de Pontevedra, relativo á emprendedora “Pontevén, sociedade cooperativa”. En síntese, a discusión centrábase na impugnación por parte da organización sindical Confederación Intersindical Galega do cadre de persoal aportado pola empresa ó obxecto da celebración das correspondentes eleccións para o comité de empresa. A central máis representativa galega argumentaba que no dito cadre se inclúan, ademais de traballadores por conta allea, socios traballadores da cooperativa de traballo asociado.

Realmente, o laudo resultou especialmente sínxelo. Tendo constatado que se inclúan, efectivamente, ademais dos traballadores por conta allea, os socios cooperativistas, resolveu afirmativamente a impugnación e retrotraeu as actuacións ó momento anterior ó de entrega do censo laboral á mesa electoral. Consecuencia ineludible á vista da disp. adic. primeira do RD 1844/1994, do 9 de setembro: “lexitimación para ser elector nas sociedades cooperativas. Nas sociedades cooperativas, só os traballadores asalariados nos que non concorra a calidade de socio cooperativista están lexitimados para ser electores e/o elixibles nos procesos electorais para a designación dos órganos de representación dos traballadores na empresa”.

Non me suxeriu dúbidas a cuestión de que ós socios traballadores non lles corresponde elixir representantes unitarios. A súa vinculación coa cooperativa non é de índole laboral, e os seus dereitos de participación van pola súa pertenza ós órganos da sociedade e non polas normas do Tít. II do Estatuto dos Traballadores e normativa concordante. A fin de contas, é o mesmo artigo da Constitución o que prevé os dereitos de participación dos traballadores

na empresa e a promoción das sociedades cooperativas. E non ten obxecto que se constitúa artificiosamente un órganio representativo como un comité de empresa, de composición cualitativa non substancialmente diferenciada da dos órganos sociais.

No laudo que se comenta nin sequera se prantexou problema de lexislación aplicable, porque o preaviso se refería ás eleccións de traballadores por conta allea, e o problema versaba sobre a inclusión no censo de persoas que non tiñan dita condición. Pero o fondo da cuestión non variaría se se impugnase un preaviso electoral no eido dos socios traballadores. Sen prexuízo de que resultase aplicable a Lei estatal ou a Lei galega de cooperativas, non procedería a celebración de eleccións. Nesta liña, a referencia do art. 107.6 da Lei do Parlamento de Galicia 5/1998, do 18 de decembro, á normativa laboral de traballadores por conta allea haina que entender referida ás condicións de traballo, contempladas basicamente no Tít. I do Estatuto dos Traballadores e na normativa de desenvolvemento do mesmo.

Realmente, a cuestión non merecería maior comentario se non fose porque percibín certas dúbidas ó respecto e algunha opinión na liña contraria á que nesta nota veño de expor.